



Dirección Xeral de Formación Profesional

Proba para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria Xuño 2026

Proba do ámbito Social

1.º apelido / 1.º apelido	
2.º apelido / 2.º apelido	
Nome / Nombre	
DNI	



1. Formato da proba / Formato de la prueba

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.
Este ejercicio tendrá una duración máxima de 60 minutos.

Formato

- A proba consta de 25 preguntas tipo test con catro posibles respostas das que só unha é correcta.
La prueba consta de 25 preguntas tipo test con cuatro posibles respuestas de las que solo una es correcta.

Puntuación


- Cada resposta correcta outorgará 1 punto.
Cada respuesta correcta otorgará 1 punto.
- Cada resposta incorrecta restará 0,33 puntos.
Cada respuesta incorrecta restará 0,33 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.
Las respuestas en blanco no descontarán puntuación.
- De apareceren dúas respostas marcadas na mesma cuestión, a resposta considerárase incorrecta.
Si aparecen dos respuestas marcadas en la misma cuestión, la respuesta se considerará incorrecta.
- A puntuación máxima total do ámbito é de 25 puntos.
La puntuación máxima total del ámbito es de 25 puntos.

Procedemento / Procedimiento

- O exame realizarase con bolígrafo azul ou negro.
El examen se realizará con bolígrafo azul o negro.
- Neste exemplar de exame pode realizar as anotacións que desexe.
En este ejemplar de examen puede realizar las anotaciones que desee.
- Unha vez realizada a proba, traslade as respostas elixidas á folla de respostas.
Una vez realizada la prueba, traslade las respuestas elegidas a la hoja de respuestas.
- Entregue ao tribunal o caderno da proba e a folla de respostas.
Entregue al tribunal el cuaderno de la prueba y la hoja de respuestas.

2. Exercicio / Ejercicio

Imaxe 1 / Imagen 1



1. Que tipo de mapa é o da imaxe?

¿Qué tipo de mapa es el de la imagen?

- A Físico.
- B Climático.
- C Político.
- D Topográfico.

2. Que península amosa o mapa da imaxe?

¿Qué península muestra el mapa de la imagen?

- A Ibérica.
- B España.
- C Balcánica.
- D Itálica.



3. Indique a resposta que identifica correctamente os ríos numerados no mapa da imaxe?

Indique la respuesta que identifica correctamente los ríos numerados en el mapa de la imagen?

- A** 1. Guadiana - 2. Ebro - 3. Douro - 4. Xúcar - 5. Miño. /
1. Guadiana - 2. Ebro - 3. Duero - 4. Júcar - 5. Miño.
- B** 1. Guadalquivir - 2. Ebro - 3. Texo - 4. Segura - 5. Ulla. /
1. Guadalquivir - 2. Ebro - 3. Tajo - 4. Segura - 5. Ulla.
- C** 1. Guadalquivir - 2. Ebro - 3. Texo - 4. Xúcar - 5. Miño. /
1. Guadalquivir - 2. Ebro - 3. Tajo - 4. Júcar - 5. Miño.
- D** 1. Guadiana - 2. Ebro - 3. Texo - 4. Segura - 5. Miño. /
1. Guadiana - 2. Ebro - 3. Tajo - 4. Segura - 5. Miño.

4. Como se chama o sistema montañoso situado no sueste do mapa da imaxe?

¿Cómo se llama el sistema montañoso situado en el sureste del mapa de la imagen?

- A** Sistema Bético.
- B** Sistema Central.
- C** Sistema Ibérico.
- D** Pireneos.

5. A latitude é a distancia dun punto calquera da superficie terrestre ao...

La latitud es la distancia de un punto cualquiera de la superficie terrestre al...

- A** paralelo 0° (de Greenwich).
- B** paralelo 0° (ecuador).
- C** meridiano 0° (de Greenwich).
- D** meridiano 0° (ecuador).

6. A actividade económica divídese en:

La actividad económica se divide en:

- A** Industria, pesca e gandería. / *Industria, pesca y ganadería.*
- B** Agricultura, industria e comercio. / *Agricultura, industria y comercio.*
- C** Recursos naturais, traballo e capital. / *Recursos naturales, trabajo y capital.*
- D** Producción, distribución e consumo. / *Producción, distribución y consumo.*



7. Que é o desemprego estrutural?

¿Qué es el desempleo estructural?

- A O que se debe á existencia de actividades que requiren man de obra en determinadas épocas do ano. / *El que se debe a la existencia de actividades que requieren mano de obra en determinadas épocas del año.*
- B O que afecta temporalmente a persoas en transición laboral mentres estudan ou buscan un traballo mellor. / *El que afecta temporalmente a personas en transición laboral mientras estudian o buscan un trabajo mejor.*
- C O que se produce por un desaxuste permanente entre as cualificacións que buscan as empresas e as que ofrecen os traballadores. / *El que se produce por un desajuste permanente entre las cualificaciones que buscan las empresas y las que ofrecen los trabajadores.*
- D O que aumenta considerablemente en tempos de crise económica ou diminúe en etapas de expansión económica. / *El que aumenta considerablemente en tiempos de crisis económica o disminuye en etapas de expansión económica.*

8. O modelo demográfico de transición caracterízase por:

El modelo demográfico de transición se caracteriza por:

- A Baixas taxas de natalidade; baixas taxas de mortalidade xeral e sobre todo infantil; esperanza de vida por riba dos 80 anos e predominio de poboación avellentada. / *Bajas tasas de natalidad; bajas tasas de mortalidad general y sobre todo infantil; esperanza de vida por encima de los 80 años y predominio de población envejecida.*
- B Altas taxas de natalidade; altas taxas de mortalidade xeral e infantil; baixa esperanza de vida e predominio de poboación nova. / *Altas tasas de natalidad; altas tasas de mortalidad general e infantil; baja esperanza de vida y predominio de población joven.*
- C Altas taxas de natalidade, pero descendendo; descenso forte da mortalidade; aumento da esperanza de vida por riba dos 70 anos e predominio da poboación adulta. / *Altas tasas de natalidad, pero descendiendo; descenso fuerte de la mortalidad; aumento de la esperanza de vida por encima de los 70 años y predominio de la población adulta.*
- D Baixas taxas de natalidade, pero aumentando; aumento forte da mortalidade; alta esperanza de vida por riba dos 80 anos e predominio da poboación nova. / *Bajas tasas de natalidad, pero aumentando; aumento fuerte de la mortalidad; alta esperanza de vida por encima de los 80 años y predominio de la población joven.*

9. Dende o punto de vista de quen exerce a xefatura do Estado, os Estados poden clasificarse en:

Desde el punto de vista de quién ejerce la jefatura del Estado, los Estados pueden clasificarse en:

- A Parlamentarios ou presidencialistas. / *Parlamentarios o presidencialistas.*
- B Monarquías ou repúblicas. / *Monarquías o repúblicas.*
- C Ditaduras ou democracias. / *Dictaduras o democracias.*
- D Unitarios ou federais. / *Unitarios o federales.*



10. En cal destes sectores Galicia destaca especialmente a nivel internacional polo seu volume de produción?

¿En cuál de estos sectores Galicia destaca especialmente a nivel internacional por su volumen de producción?

-
- A** Agricultura.
 - B** Gandaría. / *Ganadería*
 - C** Silvicultura.
 - D** Acuicultura.



Texto 1

Discurso de Benito Mussolini no círculo de barrio Amatore Sciesa de Milán (4 de outubro de 1922)

«A estas alturas, o Estado liberal é unha máscara detrás da cal non hai cara algunha [...]. Niso estriba a insensatez do Estado liberal, que concede a liberdade a todos, mesmo a aqueles que se serven dela para derrubalo. Nosoutros non concederemos esa liberdade [...]. O que nos separa da democracia non son os medios electorais. Que a xente quere votar? Pois que vote! Votemos todos até o fastío e a imbecilidade! Ninguén quere suprimir o sufraxio universal. Pero aplicaremos unha política de reacción e de severidade [...]. Dividamos aos italianos en tres categorías: os italianos “indiferentes”, que quedarán nos seus fogares esperando; os “simpatizantes”, que poderán circular; e por último os italianos “inimigos”, e estes non circularán».

Antonio Scutari, M. *El hijo del siglo*, Alfaguara, 2020 (tradución)

Texto 1

Discurso de Benito Mussolini en el círculo de barrio Amatore Sciesa de Milán (4 de octubre de 1922)

«A estas alturas, el Estado liberal es una máscara detrás de la cual no hay cara alguna [...]. En eso estriba la insensatez del Estado liberal, que concede la libertad a todos, incluso a aquellos que se sirven de ella para derribarlo. Nosotros no concederemos esa libertad [...]. Lo que nos separa de la democracia no son los medios electorales. ¿Que la gente quiere votar? ¡Pues que vote! ¡Votemos todos hasta el hastío y la imbecilidad! Nadie quiere suprimir el sufragio universal. Pero aplicaremos una política de reacción y de severidad [...]. Dividamos a los italianos en tres categorías: los italianos “indiferentes”, que se quedarán en sus hogares esperando; los “simpatizantes”, que podrán circular; y por último los italianos “enemigos”, y estos no circularán».

Antonio Scutari, M. *El hijo del siglo*, Alfaguara, 2020

11. A que movemento político pertence o autor do discurso do texto?

¿A qué movimiento político pertenece el autor del discurso del texto?

- A Liberalismo.
- B Fascismo.
- C Comunismo.
- D Nacionalsocialismo (nazismo).



12. Como chegou ao poder en Italia o autor do discurso do texto?

¿Cómo llegó al poder en Italia el autor del discurso del texto?

- A** Co apoio de Lenin. / *Con el apoyo de Lenin.*
- B** Vencendo en 1936 nunha guerra civil. / *Venciendo en 1936 en una guerra civil.*
- C** Gañando as eleccións municipais de 1931. / *Ganando las elecciones municipales de 1931.*
- D** Coa Marcha sobre Roma. / *Con la Marcha sobre Roma.*

13. Que idea fundamental de Mussolini se recolle neste texto?

¿Qué idea fundamental de Mussolini se recoge en este texto?

- A** Quere tratar a todos os italianos por igual, incluso aos seus adversarios. / *Quiere tratar a todos los italianos por igual, incluso a sus adversarios.*
- B** Está de acordo en que o Estado liberal conceda liberdade a todos os italianos. / *Está de acuerdo en que el Estado liberal conceda libertad a todos los italianos.*
- C** Quere conceder liberdade a todos os italianos, incluso aos que considera os seus inimigos. / *Quiere conceder libertad a todos los italianos, incluso a los que considera sus enemigos.*
- D** O Estado liberal concede liberdade a todos, mesmo a aqueles que se serven dela para derrubalo. / *El Estado liberal concede libertad a todos, incluso a aquellos que se sirven de ella para derribarlo.*

14. De acordo coa data indicada no título do texto, en que período da historia e século se sitúa este discurso?

De acuerdo con la fecha indicada en el título del texto, ¿en qué periodo de la historia y siglo se sitúa este discurso?

- A** Idade Moderna, século XX. / *Edad Moderna, siglo XX.*
- B** Idade Contemporánea, século XIX. / *Edad Contemporánea, siglo XIX.*
- C** Idade Moderna, século XIX. / *Edad Moderna, siglo XIX.*
- D** Idade Contemporánea, século XX. / *Edad Contemporánea, siglo XX.*

15. Que pobo de orixe xermánica fundou un reino no territorio da actual Galicia e do norte de Portugal?

¿Qué pueblo de origen germánico fundó un reino en el territorio de la actual Galicia y del norte de Portugal?

- A** Saxóns. / *Sajones*
- B** Francos.
- C** Suevos.
- D** Visigodos.



16. Cal foi a batalla decisiva na que Filipe II, á fronte da Santa Liga, derrotou os turcos?

¿Cuál fue la batalla decisiva en la que Felipe II, al frente de la Santa Liga, derrotó a los turcos?

- A Mühlberg.
- B San Quintín.
- C Toro.
- D Lepanto.

17. Unha mámoa é:

Una mámoa es:

- A Un gran bloque de pedra fincado no chan. / *Un gran bloque de piedra clavado en el suelo.*
- B Un dolmen cuberto de terra con fragmentos de pedra formando un túmulo. / *Un dolmen cubierto de tierra con fragmentos de piedra formando un túmulo.*
- C Unha aliñación de menhires. / *Una alineación de menhires.*
- D Unha pintura rupestre propia da área cantábrica. / *Una pintura rupestre propia del área cantábrica.*

18. O movemento artístico que no século XIX aspiraba a captar a sensación das escenas a través da representación da luz e as cores, así como a súa transformación en función das horas do día e das estacións, é o...:

El movimiento artístico que en el siglo XIX aspiraba a captar la sensación de las escenas a través de la representación de la luz y los colores, así como su transformación en función de las horas del día y de las estaciones, es el...:

- A Expresionismo.
- B Surrealismo.
- C Dadaísmo.
- D Impresionismo.

19. Cal foi unha das principais fontes de enerxía da Segunda Revolución Industrial?

¿Cuál fue una de las principales fuentes de energía de la Segunda Revolución Industrial?

- A Carbón.
- B Vapor.
- C Petróleo.
- D Luz solar.



20. A Primeira República española xurdiu...

La Primera República española surgió...

- A** en 1873, tras a dimisión de Amadeo I polos seus escasos apoios. /
en 1873, tras la dimisión de Amadeo I por sus escasos apoyos.
- B** en 1812, coa aprobación da Constitución de 1812. /
en 1812, con la aprobación de la Constitución de 1812.
- C** en 1931, logo da vitoria electoral republicana nas eleccións xerais. /
en 1931, después de la victoria electoral republicana en las elecciones generales.
- D** en 1923, co fin da ditadura de Miguel Primo de Rivera. /
en 1923, con el fin de la dictadura de Miguel Primo de Rivera.

21. Que calidade é a que define a condición moral das persoas?

¿Qué cualidad es la que define la condición moral de las personas?

- A** A xustiza. / *La justicia.*
- B** A liberdade. / *La libertad.*
- C** A necesidade. / *La necesidad.*
- D** A igualdade. / *La igualdad.*

22. Cal é o artigo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos que di o seguinte: «Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos»?

¿Cuál es el artículo de la Declaración Universal de los Derechos Humanos que dice lo siguiente: «Todos los seres humanos nacen libres e iguales en dignidad y derechos»?

- A** O doce. / *El doce.*
- B** O cinco. / *El cinco.*
- C** O un. / *El uno.*
- D** O dez. / *El diez.*

23. Que escola ou movemento filosófico grego do século V a. C. distinguíu entre as leis da natureza (Physis) e as leis humanas (Nomos)?

¿Qué escuela o movimiento filosófico griego del siglo V a. C. distinguió entre las leyes de la naturaleza (Physis) y las leyes humanas (Nomos)?

- A** Os presocráticos. / *Los presocráticos.*
- B** Os sofistas. / *Los sofistas.*
- C** Os milesios. / *Los milesios.*
- D** Platón e Aristóteles. / *Platón y Aristóteles.*



24. Que modelo político clásico sostiña a necesidade do vínculo entre ética e política?

¿Qué modelo político clásico sostenía la necesidad del vínculo entre ética y política?

- A** O idealismo platónico. / *El idealismo platónico.*
- B** O pragmatismo de Maquiavelo. / *El pragmatismo de Maquiavelo.*
- C** O liberalismo de J. Locke. / *El liberalismo de J. Locke.*
- D** O absolutismo do Antigo Réxime. / *El absolutismo do Antiguo Régimen.*

25. Que relación existe entre a moral e a lei positiva?

¿Qué relación existe entre la moral y la ley positiva?

- A** A lei positiva debe estar inspirada en principios morais. / *La ley positiva debe estar inspirada en principios morales.*
- B** A moral dita a validez legal de calquera lei positiva. / *La moral dicta la validez legal de cualquier ley positiva.*
- C** Ningunha. / *Ninguna.*
- D** A moral está supeditada á lei positiva. / *La moral está supeditada a la ley positiva.*